

Resumo executivo
do informe



O prometido é débeda

Cinco anos para cumprir os compromisos co dereito
á aprendizaxe

Cinco anos para cumprir co dereito á aprendizaxe

A cinco anos de 2030 cómpre redobrar os esforzos e manter o compromiso de garantir unha educación de calidade ao longo de toda a vida e para todas as persoas.

O ODS 4, contido na **Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible**, compromete a todos os axentes educativos a garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para todas as persoas ao longo da vida. As dificultades globais para avanzar nos compromisos educativos non significan que a Axenda 2030 sexa innecesaria ou inaplicable; ao contrario, non perdeu validez e a súa pertinencia é aínda maior ante as múltiples crises que ameazan o dereito á aprendizaxe. Esta axenda común, que implica a gobernos, organismos internacionais e a toda a comunidade educativa, esixe agora redobrar esforzos e un exercicio firme de corresponsabilidade.

Aínda estamos a tempo de reverter algunhas das tendencias máis preocupantes se se actúa con decisión neste treito final. Tamén é momento de pensar, con visión a medio e longo prazo, no escenario posterior a 2030. Non abondará con prolongar os compromisos: haberá que aprender dos erros, revisar o incumplido e reformular a axenda con maior ambición, xustiza e coherencia.

O impacto do Covid-19 e o financiamento da educación

A educación perdeu relevancia nos orzamentos nacionais e na axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) debido á falta de compromiso dos Estados, a factores estruturais como a **débeda externa** e ás crises sobrevidas como a **pandemia**.

- O Covid-19 en 2020 provocou que o 40 % dos países de ingresos máis baixos recortasen o seu investimento en educación nunha media do 13,5 %. A pandemia foi un dos factores que máis contribuíu ao profundo declive dos resultados de aprendizaxe en lectura e matemáticas.

- Entre 2015 e 2023, a AOD destinada á educación mantívose estancada e prevese que diminúa un 12 % en 2024 e un 14 % para 2027, o que afectaría severamente os países de baixos ingresos.

- As políticas de austeridade do FMI e do Banco Mundial restrinxiron o investimento educativo, o que bloqueou a contratación de novos docentes e limitou os salarios do persoal educativo.

- O servizo da débeda creceu enormemente e superou en 2,8 veces o investimento en educación, especialmente nos países de ingresos baixos e medio-baixos.



**Unha
ollada
propia**


© Montesión Fotografía

Neste informe, **Entreculturas** indaga sobre os avances e desafíos relacionados coa implementación do Obxectivo 4 de Desenvolvemento Sostible (ODS 4) e dá a coñecer os factores de retroceso. Nos últimos dez anos, o avance do ODS 4 a nivel global foi desigual. Persisten grandes desafíos para a súa implementación e aínda que os logros foron pequenos, nalgúns casos resultan significativos. Entreculturas pretende evidenciar as cuestións máis sensibles e ilustrar as razóns polas que ningunha das sete metas comprometidas se acadará en 2030.

De seguir así, para ese ano, calcúlase que aínda haberá **84 millóns de nenos e nenas sen poñer un pé na escola**.




AVANCES E DESAFÍOS EN EDUCACIÓN A 5 ANOS DE FINALIZAR LA AGENDA 2030



Máis do **50 %** dos nenos, nenas e mozos **refuxiados** están fóra da escola



No mundo hai **754** millóns de **persoas analfabetas**
2/3 son mulleres



Fan falta cerca de

44 millóns de docentes

para cubrir en todo o mundo as necesidades de profesorado en primaria e secundaria



Na África subsahariana menos do **50 %** do maxisterio en primaria son mulleres

descende ao **32 %** en secundaria



Pese ao grande aumento de poboación, a porcentaxe de nenos e nenas que están matriculados en educación **primaria** non baixa do

91 % desde 2008

Pero a este ritmo só **6** de cada **10**



mozos rematarán a escola secundaria en 2030



O **37 %** dos nenos e nenas do mundo non acadarán os niveis básicos de competencia en **lectura** en 2030



A educación técnica na África subsahariana avanzou de maneira significativa

Mozos (15-24 anos) matriculados



5 %

en 2010

12 %

en 2021



A través dos datos, tendencias e testemuños sobre o ODS 4 recompilados neste informe, chegamos ás seguintes sete conclusións.

1. A cinco anos de se cumprir o prazo para o ODS 4, os datos mostran logros insuficientes e, nalgúns casos, retrocesos inxustificables, que non só exacerban a pobreza e a desigualdade, senón que ademais sentan unha tendencia que será difícil de reverter se os estados e as organizacións internacionais e financeiras non se comprometen e se non se modifican as estruturas de gobernanza mundial.

2. Os dereitos humanos son condición para acadar o desenvolvemento. A educación é un dereito humano fundamental e a Axenda de Desenvolvemento Sostible debe reflectilo. Isto implica destacar claramente as obrigas dos gobernos baixo o dereito internacional dos dereitos humanos, impulsando aos estados a renovar as súas políticas públicas e garantir o seu cumprimento.

3. O financiamento educativo global é insuficiente, estancouse ou diminuíu, o que imposibilita avanzar no acceso á educación, especialmente nas economías fráxiles onde foi desprazado pola crecente débeda externa. A AOD para a educación mostra un crecemento marxinal ou negativo que obstaculiza gravemente a construción de sistemas educativos robustos e equitativos.

4. As fendas de acceso, permanencia e aprendizaxe no sistema educativo seguen profundamente marcadas por factores

estruturais como a pobreza, o xénero, a orixe étnica, a discapacidade, a pertenza territorial ou o status migratorio.

5. A diversidade, os contidos e a gobernanza da educación son factores clave para asegurar resultados de aprendizaxe. Para acadar as metas do ODS 4 é crucial un enfoque integral que respecte e promova a diversidade de aprendizaxes e culturas. Os resultados melloran notablemente cando a educación básica se ofrece na lingua materna e se adapta ás características persoais e culturais do alumnado.

6. Ningunha meta se pode acadar sen docentes. O déficit de 44 millóns de docentes evidentemente non se poderá eliminar para 2030, pero aínda hai tempo de o reducir, especialmente na África subsahariana. Máis que medios de implementación, os docentes son actores centrais dos procesos educativos.

7. Unha vez cumprido o prazo da Axenda de Desenvolvemento Sostible en 2030, os estados deberán redobrar esforzos para completar as metas pendentes e dar continuidade aos compromisos de 2015. Só a través de sistemas educativos públicos, gratuítos, inclusivos e de calidade será posible universalizar o dereito á educación. O ODS 4 debe inspirar un novo marco de acción global post-2030.



“O complexo momento histórico que estamos a vivir, no que triunfa a polarización, a fragmentación, a deterioración da democracia, a violencia e a falta de boa vontade, non facilita ese camiño educativo, nadamos contra corrente. Pero, aínda que hoxe é difícil, non podemos tirar a toalla.”

AMPARO MUÑOZ

Docente do IES Vicent Andrés Estellés en Valencia.



Recomendacións urxentes dirixidas a quen ten o poder de decidir, porque o dereito á aprendizaxe non pode esperar.

Aos estados e á comunidade internacional

1. Mellorar o orzamento destinado á educación pública:

- Aumentar o investimento público en educación ata o 4-6 % do PIB ou o 15-20 % do gasto público total.
- Apoiar iniciativas de xustiza tributaria nacionais e internacionais, incluíndo unha Convención Fiscal da ONU, para establecer un sistema tributario internacional máis equitativo.

2. Transformar as políticas de financiamento internacional:

- Os organismos financeiros internacionais deben aliviar a débeda dos países de ingresos baixos e medianos para liberar fondos educativos, incrementar a axuda á educación e absterse de aplicar medidas de austeridade que recorten orzamentos ou restrinxan salarios docentes.

3. Fortalecer todos os procesos institucionais e comunitarios e ampliar o apoio ás familias:

- Reducir as disparidades de xénero na educación, eliminando toda fenda, estigmatización e prexuízo existente nos libros de texto e programas de estudo.
- Actualizar os currículos de acordo cos estándares recomendados pola UNESCO.
- Ampliar o ensino en lingua materna.

- Garantir o acceso a recursos tecnolóxicos e Internet en todos os centros educativos.

4. Ampliar e fortalecer o traballo docente:

- Apoiar a formación inicial e continua dos mestres en todos os niveis.
- Establecer salarios competitivos e mellorar as condicións de traballo das e dos docentes.
- Impulsar a participación docente na toma de decisións de política educativa.

5. Desenvolver as capacidades institucionais dos ministerios de educación e doutras instancias gobernamentais relacionadas cos procesos educativos:

- Desenvolver sistemas de seguimento, vixilancia e avaliación para os sistemas educativos.
- Establecer mecanismos áxiles de consulta destinados a actualizar os plans e programas de estudo.
- Fixar plans e destinar recursos para eliminar a desigualdade educativa.
- Ampliar e fortalecer os plans e programas educativos dirixidos ás persoas adultas, incluíndo os de alfabetización.

6. Os estados deben iniciar consultas internas e multilaterais para establecer un mecanismo global de seguimento da Axenda de Desenvolvemento Sostible a partir de 2030 que se basee no dereito

internacional dos dereitos humanos e teña un marco claro de obrigas e mecanismos de esixibilidade. Ademais debe recoñecer e apoiar activamente as organizacións da sociedade civil como actores clave no desenvolvemento educativo.

A España como Estado signatario da Axenda 2030

1. Desenvolver políticas de **equidade educativa** para combater os retos de segregación escolar, abandono educativo temperán, taxas de repetición e fracaso escolar.
2. Elevar o **investimento público** en educación, deseñando un orzamento que permita combater os problemas estruturais.
3. **Cumprir a Lei de Cooperación** para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, investindo ata o 0,7 % do PIB en AOD e acadar o 8 % da súa AOD bilateral á educación.
4. Comprometerse con iniciativas multilaterais clave como a Alianza Mundial pola Educación (AME) e Educación Non Pode Esperar (ECW).
5. Incrementar a súa axuda humanitaria para educación e destinar polo menos o 3 % do total da AOD á Educación para o Desenvolvemento Sostible e a Cidadanía Global.
6. Afianzar a cobertura universal, igualitaria e inclusiva da educación, especialmente a **preescolar**.
7. Facilitar o **financiamento de todos os custos asociados** ás etapas educativas. En especial, garantir a universalidade e gratuidade do servizo de comedor escolar.
8. Implementar máis medidas fronte ao **abandono escolar**, que segue sendo superior ao dos nosos homólogos europeos.
9. **Formar aos docentes** en certos ámbitos de actuación que actualmente supoñen desafíos:
 - a. A prevención, identificación e xestión dos diferentes tipos de violencia que se desenvolven nas aulas.
 - b. A realidade da escola rural (aulas multigráo, diversidade, metodoloxías e ferramentas educativas).
 - c. A Educación para o Desenvolvemento Sostible e a Cidadanía Global.



© Montesión Fotografía



**Entreculturas aposta polo
dereito á aprendizaxe de
todas as persoas e por non
deixar ninguén atrás.**



**Accede á publicación
completa**